


Os apelidos en galego

Orientacións para
a súa normalización



REAL
ACADEMIA
GALEGA




Os apelidos en galego

Orientacións para
a súa normalización



REAL
ACADEMIA
GALEGA



Edita:
Real Academia Galega
coa colaboración da
Secretaría Xeral de Política Lingüística

Deseño:
Pepe Barro

Maquetación e impresión:
Mazaira grafismo, sl

D.L.: C 1947-2016

Novembro 2016



REAL
ACADEMIA
GALEGA



XUNTA
DE GALICIA

Índice

- 6 Limiar
Os nomes –e os apelidos– teñen dereitos
Xesús Alonso Montero
- 10 Presentación
**Os apelidos, patrimonio individual
e patrimonio colectivo**
Ana Isabel Boullón Agrelo
- 16 **I. Criterios para
a estandarización dos apelidos**
- 22 **II. Os 1500 apelidos máis frecuentes:
listaxe normalizada**
- 52 **III. Correspondencia das variantes
non estándar / formas recomendadas**

Limiar

Os nomes –e os apelidos– teñen dereitos

por Xesús Alonso Montero

Presidente da Real Academia Galega

A primeira obriga dun falante é chamar ás cousas polo seu nome, polo verdadeiro nome. Empregar outro nome ou un nome aproximado, cando se trata de persoas, sempre é recibido por estas como unha afronta ou unha desconsideración. Ferdinand de Saussure, o gran Saussure, diría que determinado significado ten dereito sempre ó seu significante, a ese e non a ningún outro. En canto ó nome das persoas, é sagrado, como sagrados son os seus apelidos. En realidade, o nome completo ou total dunha persoa é o que, habitualmente, chamamos nome máis, entre nós, os dous apelidos.

Mesmo co nome das cousas habería que ter moito coidado, sumo coidado. Existe un poema de Celso Emilio Ferreiro no que conta unha peculiar historia gramatical acaecida “cando os animais falaban”, e a min cónstame que o noso gran poeta pensaba escribir un poema referido ó tempo, remoto sen dúbida, en que non só falaban os animais senón tamén as cousas, ou sexa, as nubes, os seixos, as lagoas, as fragas mestas, os penedos do Caurel, os petos das ánimas, as chorimas dos toxos, as congostras, o asubío do vento, as cangas dos bois, o setestrela, os acios de treixadura do Ribeiro, os pelouros dos ríos, o arco da vella, as avelaneiras floridas, as corredeiras, as illas da Ría de Vigo, as flores dos verdes piñeiros, o arume arpado, a folla revirada dos carballos, as ermidas dos outeiros, as rúas de Compostela, as mazás camoesas, as ondas do mar levado... Falaban que daba xenio oílas! (Algo dixera Rosalía de Castro, en 1884, no comezo dun maxistral e sorprendente poema: “Dicen que no hablan las plantas, ni las fuentes, ni los pájaros / ni la onda con sus rumores, ni con su brillo los astros. / Lo dicen, pero no es cierto...”).

O certo é que, se a algunha destas cousas as xentes de ben a chamaban polo nome propio, polo seu verdadeiro nome, a cousa, agradecida

e conmovida, botábase a falar e xa non paraba. Polo contrario, se ó “arco da vella” lle chamaban “arco do vello” ou se ó “setestrela” lle chamaban “seistrela”, estas cousas, tan saussureanas elas, doídas, enmudecían, ás veces por moito tempo. Nestes casos, ese mal nome mesmo era “... un aire que mancaba o corazón da xente”, como nos aleccionou, no seu poema, Celso Emilio Ferreiro.

Hoxe sábese ben que, naquel universo tan faladeiro, cando certos lugares (aldeas, arrabaldes, bisbarras...) foron privados do seu lexítimo e tradicional nome por alguén que impuxo un pseudónimo (‘falso nome’), eses lugares, que tiñan alma, protestaron, arrexuxáronse dalgún xeito. Hai crónicas que rexistran algúns destes conmovedores actos de rebeldía. O día en que, por primeira vez, alguén, en Niñodaguia, chantou o letreiro oficial Niño de la Guía, houbo un pequeno terremoto na parroquia que fixo ouvear os cans todos daquelas aldeas e bruar, cheas de medo, as vacas preñadas da contorna. Tamén se desbordaron os tres regueiros da bisbarra. Engade o cronista que a media ducia de aguias da comarca emigraron alporizadas.

Hai noticias certas de que o día no que un alcalde –de nome para esquecer– pronunciou por primeira vez, nun pleno municipal e espeso, Seijalbo, os seixos brancos das corredeiras da parroquia volvéronse mouros.

Se, deste xeito, reaccionan as cousas –aparentemente sen alma– cal non serán, en Galicia ou fóra dela, as respostas das persoas denominadas ou interpeladas cun pseudónimo, cun apelido que non é o da súa estirpe, cun apelido que non é o da súa xente?

Villarino, que a algúns sóalles moi fino, é o vello Vilarinho, que, se falamos en verso, rima con liño, viño e muíño; Gallas é a versión humorística ou pintoresca de Xallas; e Jato é xato, que aínda ninguén, pensando que hai gheada, converteu en Gato.

Os que foron impondo Piedracova non foron consecuentes cos seus criterios antroponimicidas: non decretaron Piedracueva, como aquel plumífero dos anos máis escuros do franquismo que pronunciaba, non sempre en broma, Puentevedra.

Hoxe, felizmente, temos nas nosas mans *Os apelidos en galego (Orientacións para a súa normalización)*, opúsculo que recolle mil cincocentos apelidos da nosa tradición, escolleitos, maioritariamente, cun criterio de frecuencia. Este Dicionario de apelidos resolve, practicamente, as dúbidas todas que suscita, entre nós, este capítulo da Onomástica galega. Chegouse a estas conclusións despois de non pouco esforzo filolóxico. A presente achega é unha das tarefas do Seminario de Onomástica da Real Academia Galega, seminario no que un equipo dirixido pola profesora Ana Isabel Boullón Agrelo, académica correspondente da nosa institución, elaborou o presente traballo. A Academia, consciente da pericia e da oportunidade deste Dicionario de apelidos, só ten palabras de gratitude para os seus autores. É un traballo que honra á Real Academia Galega. Aconsellamos, por outra parte, que se lean, coa atención debida, as páxinas da “Presentación” escritas pola profesora Boullón Agrelo, unha síntese intelixente da problemática histórica e actual dos nosos apelidos. Tamén o breve capítulo dos “Criterios” da súa autoría.

A Academia agradece a colaboración de Valentín García Gómez (Secretario Xeral de Política Lingüística) e da Xunta de Galicia por implicárense no espallamento deste manual que tantos desagrazos onomásticos vai protagonizar.

Presentación
**Os apelidos,
patrimonio individual
e patrimonio colectivo**

por Ana Isabel Boullón Agrelo

Seminario de Onomástica
da Real Academia Galega

Os apelidos constitúen un elo que nos vincula directamente coa nosa estirpe, isto é, coa familia da nai e a do pai, pero, ao mesmo tempo, forman parte dun patrimonio inmaterial que nos está falando da nosa historia como pobo, porque os apelidos non xorden da nada, senón que están tomados dun conxunto léxico que se remonta, polo menos, á Idade Media. Foi daquela cando se comezaron a fixar como segundos nomes uns elementos que —nun principio cambiantes de xeración en xeración e despois hereditarios— se foron transmitindo ata os nosos días.

En primeiro lugar apareceron os apelidos patronímicos, que se construían sobre a base do nome do pai, ao que se lle adoitaba engadir o sufixo *-ez*: por exemplo, *Pai Estévez* sería fillo de *Estevo Méndez*, e o pai deste, *Mendo*. Durante a Idade Media o apelido non se herdaba, de maneira que o fillo daquel *Pai Estévez* non se apelidaría *Estévez* senón *Páez* (hoxe maioritariamente *Paz* ou *Pais*). Este procedemento foi tan fértil que aínda agora os apelidos patronímicos constitúen un dos conxuntos cuantitativamente máis importantes do noso corpus de apelidos, e estannos a indicar cales eran os nomes propios máis utilizados durante toda a Idade Media, ata o século xv.

Pero chegou un momento en que eses sobrenomes patronímicos non abundaban para evitar a homonimia: ao empezaren a repetirse, fíxose necesario habilitar outro tipo de elementos, e aí entraron os alcumes. Moitos deles infórmanos de cales eran as profesións máis habituais daqueles tempos, que, esas si, adoitaban transmitirse de pais a fillos: é o caso de *Ferreiro*, *Besteiro*, *Vaqueiro*, *Peleteiro*... Amais destes, botábase man dos adxectivos que daban conta de características físicas ou psíquicas dos seus portadores (*Calvo*, *Calviño*, *Crespo* ou *Bravo*, *Ledo*), cores que facían alusión á do cabelo ou a pel (*Branco*, *Preto*, *Roxo*,

Castaño), a unha aparencia agradable (*Garrido, Gallardo, Formoso, Louzao*), ás relacións familiares (*Vello, Novo, Sobriño, Neto*) etc.

Asemade, fóronse incorporando os sobrenomes que facían referencia ao lugar de procedencia da persoa, moitos deles formas comúns e aínda hoxe transparentes, que informan sobre a constitución do terreo (*Outeiro, Chao, Lama, Braña, Rocha, Pena, Seixo*), sobre o tipo de vexetación (*Piñeiro, Pereira, Carballo, Souto, Xestal, Uzal, Teixeira, Folgueira, Toxo*), sobre entidades de poboación (*Vila, Davila, Vilar, Casal*), edificacións presentes ou pretéritas (*Pazos, Dopazo, Pardiñas, Ermida, Castelo, Castro, Arca, Torres*), ou, entre outras moitas características descritivas, sobre terras cultivadas (*Leira, Seara, Rozas*).

Estes tres tipos de apelidos describen, pois, un tipo de relacións familiares (ao lle dar preeminencia á vinculación paterna), socioeconómicas e sobre as poboacións (coas profesións e a referencia aos lugares) e persoais (coas características particulares) que están na orixe das que rexen hoxe a nosa vida individual e colectiva.

Pero, amais disto, algúns deles tamén nos están informando da tentativa de aculturación que sufrimos como pobo desde o remate da Idade Media a través do proceso da castelanización. Como se sabe, desde principios do século XVI o galego como lingua instrumental foi desprazado na escrita nun prazo de tempo relativamente curto. Unha das razóns foi a estipulación das Cortes de Toledo de 1480 de que, de alí en diante, non se concedería título de escribán sen exame e sen licenza do Real Consello; a partir de aí os notarios e escribáns víronse na obriga de aprender novos formularios en castelán e pasaron a redactar toda a documentación nesa lingua. Unha das consecuencias foi que, de maneira máis ou menos consciente, os nomes propios, tanto topónimos coma antropónimos, comezaron a ser modificados,

asimilándoos ao castelán. Cando se empezaron a xeneralizar os rexistros (primeiro os relixiosos, a partir das instrucións ditadas tras o Concilio de Trento, na segunda metade do século XVI, e despois os civís) esta práctica non se seguiu de xeito uniforme. Dado que os nomes van cambiando de xeración en xeración, os antigos nomes de pía que aparecían acotío nos documentos medievais (*Afonso, Lopo, Nicolao, Johán, Eynés, Moor, Mariña, Esteveíña, Tereixa, Xemena...*), foron sendo substituídos polas novas devocións propugnadas pola Igrexa católica ou, aqueles nomes que continuaron, impostos na súa forma castelá. Así que o corpus dos nomes propios pasou a consignarse de maneira case exclusiva en castelán. Pero cos apelidos, que xa eran hereditarios, non ocorreu o mesmo. En realidade, modificalos ou respectalos dependía en boa medida da vontade do escribente: algúns sufriron en maior medida o proceso de deturpación ca outros, e non se ten constatado que ocorrese de maneira significativamente diferente nunhas áreas ou noutras. Existe abondosa constancia destes feitos e, por exemplo, hai documentos en que o nome ou o apelido aparece na súa forma correcta e, algo máis adiante, coa forma castelanizada (así con *Outeiro/*Otero, Afonsa/*Alfonsa, Regueira/*Reguera* e outros).

É evidente que esas mudanzas se fixeron sen ter en conta a vontade das persoas afectadas, que seguían a usar na vida cotiá os seus nomes, hipocorísticos ou alcumes en galego. Así nolo conta o Padre Sarmiento cando cita os nomes dos protagonistas do seu *Coloquio* (1746): *Martiño dos Cobres, Bieito d-Aldán, Mingos do Penedo, Lucía da Esculca, Thereixa do Cerro, Farruca da Braña...* O proceso de deturpación e substitución lingüística prolongouse durante cinco séculos de maneira constante, aínda que se agravou en certos períodos históricos, nomeadamente durante o franquismo.

Coa recuperación da democracia, no último terzo do século xx, atopámonos ante un panorama diverso no que toca aos nomes propios en conxunto. Por unha parte, a toponimia sufría un grao alto de deturpación nos nomenclátors oficiais e nos documentos administrativos, pero, na inmensa maioría dos casos, conservábase na lingua oral. Na Lei de normalización lingüística (1983) recoñécese que a única forma oficial dos topónimos é a galega, e unha das primeiras tarefas foi a confección dun novo nomenclátor que recollese a toponimia tradicional e a adaptase ás normas da lingua galega, tarefa que se rematou, no que toca aos topónimos maiores (concellos, parroquias, aldeas e lugares) coa publicación do *Nomenclátor de Galicia* en 2003. A recuperación e estandarización da toponimia foi ben recibida pola comunidade e non tivo máis atrancos ca algunhas resistencias puntuais por parte de certos sectores refractarios á normalización da lingua.

A situación da antroponimia era diferente. O corpus dos nomes propios estaba castelanizado na súa inmensa maioría, ben que axiña comezaron a aparecer nomes especificamente galegos (e, na década de 1990, chegaban a un 6% do total). Polo que respecta aos apelidos, a pesar de tantos anos de intentos de castelanización, esta só lles afectou nun certo grao: calcúlase que arredor dun 16%, pero atinxe formas nalgúns casos moi frecuentes, polo que ten bastante visibilidade. Ademais, dáse o paradoxo de apelidos castelanizados procedentes de topónimos recollidos no Nomenclátor coa súa forma correcta: atopamos así formas híbridas que non son galegas nin casteláns como **Abeijón*, que procede do nome de lugar *Abeixón*, ou pares tales como *Bustabade/*Bustabad*, *Moláns/*Molanes* e outros.

Como esta parte da onomástica persoal non pode ser regulada polo dereito público, pois pertence ao dereito privado, han ser os propios particulares os que procedan á restitución dos seus

apelidos ou á tradución dos seus nomes propios. A reforma de 1999 da Lei do rexistro civil (Lei 40/99, de 5 de novembro) permite mudar a forma dos apelidos para «regularizalos ortograficamente cando a forma inscrita no Rexistro non se adecúa á gramática e fonética da lingua española correspondente», mediante un sinxelo trámite.

É a Administración, non obstante, a que debería facilitarlle este trámite ao cidadán, informándoo das actuacións que ten que facer e mais de cal é a forma estándar do seu apelido. Así poderá exercer o seu dereito ao uso da forma normativamente correcta dos seus apelidos, un dereito que non figura explicitamente nas leis (como si ocorre en Cataluña, por exemplo), pero que se infire da propia Lei de normalización lingüística.

Coa relación que aquí se presenta, aprobada pola Real Academia Galega —que é, por lei, a institución responsable dos aspectos normativos da lingua galega—, quereselles facilitar aos funcionarios dos Rexistros un elenco de formas estándares. Ademais, inclúese unha equivalencia das formas castelanizadas coas súas galegas correspondentes; os cidadáns deben saber que, na inmensa maioría dos casos, os apelidos casteláns en Galicia son o produto da deformación case sempre involuntaria dun apelido orixinariamente galego: como se sabe, Galicia foi un país con tradición emigratoria, e a inmigración é un fenómeno que só ultimamente se empeza a rexistrar, e en escasa media. Isto é, os moitos *Otero*, *Lorenzo*, *Alonso*, *Prieto* e outros que tantos galegos teñen como apelidos non son orixinariamente casteláns, senón castelanizacións impostas nalgún momento da súa liñaxe.

Cun glosario de formas e grafías anómalas coas súas correspondentes formas estándares os usuarios poderán comprobar doadamente, en caso de dúbida, cal é o estándar correspondente. Preténdese, así, avanzar nun aspecto tan importante da normalización lingüística como é o dos apelidos, que nos identifican como persoas e como pobo.

I.

**Criterios
para a estandarización
dos apellidos**

As bases para a estandarización da ortografía, morfoloxía e léxico da lingua galega están ben establecidas desde a publicación das *Normas* (1982, 2003), no que atinxe aos dous primeiros aspectos, e o *VOLGa* (2004), no que toca ao elenco das formas léxicas. Agora ben, a antroponimia, e especificamente aquela parte que abrangue as denominacións oficiais do individuo (isto é, os nomes e o apelidos), presenta unhas características especiais que deben ser contempladas á hora de propor unhas normas para a súa regularización ortográfica e morfolóxica.

O criterio xeral será a adaptación á norma gráfica actual, tanto no que respecta á utilización dos grafemas como a segmentación de palabras ou á acentuación. Agora ben, a antroponimia pode seguir uns criterios menos ríxidos ca o léxico común, da mesma maneira que o fai a toponimia, co fin de manter as variantes fonomorfolóxicas que se foron fixando ao longo dos séculos. De maneira que, naqueles aspectos en que non hai repercusión fonética nin influencias foráneas, respectarase esa variabilidade. As pautas xerais, que se presentan a seguir, foron expostas con máis detalle no *Boletín da Real Academia Galega* 370 (2009).

1. Adaptación grafemática ás normas do estándar

1.1. O uso dos grafemas actuais é obrigado nos seguintes casos:

- grafema <x> para o <j> ou <g+ e, i>. Actualmente estas últimas grafías poden aparecer nos apelidos tanto en formas que as presentaban na época medieval (vallan de exemplo *Feixoo, Araúxo, Xestoso, Xaneiro, Xusto, Toxo, Xuíz*, etc.), coma impostos sobre a primitiva grafía <x> (*Teixeiro, Ximénez, Seixas, Requeixo*). A utilización destas grafías <j> ou <g+ e, i> en calquera deses casos débense ao castelán, non á continuidade das grafías históricas, e implica a pronuncia do fonema castelán /x/ (fricativo velar xordo), no canto do /j/ (postalveolar).
- <i> para o antigo <y> como vogal non nuclear (*Rei, Noia, Naia, Gaioso, Maio, Romai* etc.). A conservación do grafema orixinario, se ben cando é semivogal non produce cambio de pronuncia, si pode introducir un fonema diferente cando vai en posición intervocálica. Por iso, aínda que se trate dun grafema con tradición medieval, e mais por ser alleo ao actual sistema gráfico do galego, estas formas antigas non se poden admitir como estándares.

1.2. Se o apelido non se axusta ás actuais normas ortográficas, pero o cambio de grafema non reporta cambio fonético, a actualización ortográfica é aconsellable, aínda que non obrigada. Hai que ter en conta que en moitos destes casos o cambio

gráfico veu impulsado en certa maneira pola castelanización, que uniformou formas sen ter en conta a palabra galega da que o apelido derivaba.

- e <v> etimolóxicos. Escríbense con *b*, por exemplo, *Baamonde*, *Nabeira*, *Bieites*, *Biqueira*, *Beiras*; e con *v*: *Vello*, *do Vao* ou *Dovao*, *do Val* ou *Doval*, *Corvacho*, *Vasalo*.
- <h> etimolóxico. Non o tiñan nos étimos respectivos os apelidos *Ermida*, *Ermo*, *Ermelo*, *Baamonde* etc.

- 1.3. Aceptación excepcional de grafías arcaicas. En certo número de casos mantivéronse en parte as grafías medievais, coa representación de dúas vogais iguais como resultado da caída dun -n- ou -l- intervocálicos, como é o caso de *Boo* 'bo', *Rioboo*, *Saa*, *Saavedra*, *Caamaño* e outros.

2. Segmentación de palabras

O caso máis abundante é o dos apelidos que levan soldado o nexo preposicional co artigo. A maior parte deles son formas que proceden de topónimos e que se soldaron graficamente e seguramente por esa razón conservaron o nexa preposicional + artigo. En realidade, o nexa comezou a perderse neste tipo de apelidos xa dende a Idade Media, de maneira que hoxe se rexistran sen rastro da contracción (*Silva*, *Vila*, *Fonte*, *Campo*, *Fonte*, *Rego*), con soldadura gráfica (*Daviña*, *Davila*, *Dafonte*, *Dorrego*, *Doval*) ou separadas (*da Silva*, *da Cruz*, *da Cuña*, *do Campo*, *do Souto*). Calquera destas fontes son admisibles.

3. A variación dialectal

Igual ca na toponimia (*Nomenclátor de Galicia* 2003), respéctanse as variantes dialectais, pois todas elas son formas propiamente galegas e a miúdo teñen xa atestacións medievais. Así pois, pode haber duplas solucións, coma nos casos seguintes: *Fontán/Fontao, Louzán/Louzao, Morás/Morais, Casás/Casais, Currás/Currais, Pedrouzo/Pedrouso, Eiriz/Eirís, Liz/Lis, Romariz/Romarís, Eiras/Airas, Fol/Fole, Val/Vale* etc.

4. Restitución de formas castelanizadas

A pesar do proceso sociolingüístico que someteu os nosos apelidos á castelanización escrita desde o século XVI, calcúlase que o total das formas castelanizadas é aproximadamente só o 16%. Non é moito con respecto a todo o conxunto dos apelidos, pero afecta a algúns dos máis frecuentes, co cal o seu impacto social pode ser maior. Trátase, por unha banda, de restituír formas galegas que deron lugar a híbridos lingüísticos (**Teijeiro, *Seijas, *Montoto, *Goyanes, *Cividanes* ou **Penabad* no canto das xenuínas *Teixeiro, Seixas, Montouto, Goiáns, Cividáns* ou *Penabade*), e tamén a formas léxicas (*Neto, Dourado, Romeu, Mosqueira* etc.). É importante considerar que nestes últimos casos só en moi contadas ocasións se trata de apelidos de persoas procedentes de fóra de Galicia, porque, como nos demostra a documentación, a inmensa maioría das veces son castelanizacións de formas galegas orixinarias. E tamén se dá o paradoxo de existir moitas formas toponímicas que están

ditaminadas coa súa forma estándar para os nomes dos lugares pero que como apelidos continúan deturpadas (como *Buxán, Barxa, Vilar, Castelo, Triñáns, Rubiás, Bustabade* etc.). E hai constancia da pervivencia na familia do apelido galego a nivel oral, que se considera alcume (como *Outeiro, Martís*), mentres que nos documentos oficiais constan as formas castelanizadas (*Otero, Martínez*).

É importante, xa que logo, ter presente que non se trata de traducir formas castelás, senón de restituír as formas xenuínas que foran deturpadas nos rexistros escritos.

II.

**Os 1500 apelidos
máis frecuentes:
listaxe normalizada**

Preséntanse 1500 apelidos, seleccionados maioritariamente cun criterio de frecuencia: en conxunto representan preto dun 90% da poboación. Outros foron obxecto de informe ou estudo específico. Trátase dunha primeira relación que se irá vendo incrementada de aquí en diante.

Os criterios aplicados á hora de fixar formas estándares son semellantes aos da elaboración do Nomenclátor: pártese das formas galegas, coas súas variantes dialectais, adaptadas ás normas ortográficas vixentes.

A

Abade

Abal

Abalde

Abalo

Abeixón

Abelairas

Abeledo

Abeleira

Abelenda

Abellá

Abelleira

Abilleira

Aboi

Abraldes

Abreu

Abril

Abuín

Acevedo

Ación

Acuña

Adán

Afonso

Agra

Agrafoxo

Agraso

Agrelo

Aguiar

Aguín

Agulla

Aiaso

Aio

Aira

Aiude

Alba

Alberte

Albor

Alborés

Alcalde

Aldao

Aldrei

Aleixo

Alén

Alexandre

Alfaia

Allegue

Aller

Allo

Almeida

Almuíña

Alvarado

Alvarellos

Álvarez

Alvariño

Alvedro

Alves

Alvite

Amado

Os apelidos en galego

Amarelle	Aradas
Amboaxe	Aragunde
Ameixeiras	Araúxo
Ameixide	Arca
Amenedo	Arcai
Ameneiro	Arce
Ameneiros	Arcos
Amigo	Ardao
Amil	Area
Amoedo	Areal
Amor	Areán
Amorín	Ares
Anca	Arias
Andión	Aríns
Andrade	Arixón
André	Armada
Andrés	Armesto
Aneiros	Arnoia
Anes	Arnosó
Angueira	Arousa
Anido	Arribas
Anllo	Arroxo
Ansede	Arufe
Anta	Arxibai
Antelo	Arxiz
Antón	Arxóns
Antonio	Asorei
Añón	Astrai
Aparicio	Atán

Atáns

Augusto

Axeitos

B

Baamonde

Babarro

Babío

Baldomir

Baleirón

Balsa

Balseiro

Baltar

Baluga

Balugo

Bamonde

Baña

Bande

Bandín

Baños

Barallobre

Barba

Barbazán

Barbeira

Barbeito

Barbosa

Barca

Barcala

Barcia

Barciela

Barco

Bardanca

Barral

Barreira

Barreiro

Barreiros

Barrentos

Barrio

Barro

Barros

Barroso

Barrul

Barxa

Barxiela

Basanta

Bascoi

Bastón

Bastos

Batalla

Batallán

Bautista

Baz

Bea

Beade

Becerra

Beira

Beiras

Beiro

Os apelidos en galego

Bellón

Beltrán

Ben

Benavides

Berbetouros

Bereixo

Bergantiños

Bermúdez

Bernárdez

Bernardo

Bértoa

Besteiro

Besteiros

Bestilleiro

Betanzos

Bieites

Biéitez

Bieito

Biqueira

Biscaíño

Bispo

Bo

Boado

Bocixa

Bodaño

Boedo

Boente

Boga

Bolaño

Bonome

Boo

Boquete

Borraxeiros

Borraxo

Borrazás

Borxa

Botana

Boubeta

Boullón

Boullosa

Bouso

Bouza

Bouzada

Bouzas

Bouzo

Bouzón

Bóveda

Brais

Braña

Brañas

Branco

Brandariz

Brandón

Bras

Bravo

Braxe

Brea

Brei

Breixo
Brenlla
Bretal
Brión
Brións
Bruzos
Búa
Buceta
Budiño
Buela
Bugallo
Bugarín
Buio
Burgo
Bustabade
Bustelo
Busto
Buxán

C

Caamaño
Caaveiro
Cabaleiro
Cabana
Cabanas
Cabanelas
Cabarcos
Cabeza
Cabezas

Cabo
Cabral
Cabreira
Cacabelos
Cachafeiro
Cacheda
Cacheiro
Cadavide
Caeiro
Caínzos
Cal
Caldas
Caldeirón
Calo
Calvar
Calvelo
Calvete
Calviño
Calvo
Camacho
Camaño
Camba
Cambeiro
Cambón
Cambre
Cameán
Cameselle
Camiña
Camiño

Os apelidos en galego

Campaña

Campello

Campelo

Campo

Campos

Canas

Canaval

Cancela

Cancelas

Cancelo

Cancio

Canda

Candal

Caneda

Canedo

Caneiro

Canosa

Canoura

Canto

Cao

Capelo

Capón

Caramés

Carballa

Carballal

Carballeda

Carballeira

Carballido

Carballo

Carbia

Carbón

Cardalda

Cardama

Cardoso

Caridade

Caride

Carmoega

Carmuega

Carneiro

Carnota

Carou

Carpente

Carpinteiro

Carracedo

Carragal

Carral

Carrasco

Carregal

Carreira

Carreiras

Carreiro

Carreño

Carril

Carro

Carrodeguas

Cartelle

Caruncho

Casado

Casais

Casal

Casalderrei

Casanova

Casares

Casas

Casás

Casavella

Cascallar

Castaño

Castedo

Castelao

Casteleiro

Castelo

Castiñeira

Castiñeiras

Castrillón

Castro

Catoira

Cavado

Caxade

Caxaraville

Caxete

Caxiao

Caxide

Cea

Cebreiro

Cedeira

Cedrón

Ceide

Cela

Celeiro

Cendán

Cendón

Cerdeira

Cereixo

Cernadas

Cerqueira

Cerqueiro

Cerviño

Ces

Cesar

Cespón

Chamorro

Chan

Chans

Chantada

Chao

Chapela

Charlín

Chas

Chaves

Cheda

Chorén

Chouciño

Chouza

Cibeira

Cide

Os apelidos en galego

Cives

Cochón

Codesal

Codesido

Coego

Coello

Coia

Coira

Colazo

Colmeiro

Comesaña

Comoxo

Conchado

Conde

Constenla

Cora

Cordal

Cordeiro

Cordido

Cordo

Cores

Cornide

Corral

Correa

Corredoira

Cortegoso

Cortés

Cortiñas

Cortizas

Cortizo

Cortón

Coruxo

Corvacho

Corval

Corvelle

Corzo

Costa

Costal

Costas

Costela

Costoia

Cotelo

Coto

Cotón

Couce

Couceiro

Couñago

Couselo

Cousido

Cousillas

Couso

Couto

Couxil

Covas

Covelo

Crego

Creo

Crespo

Criado
Cristovo
Cruces
Cruxeiras
Cruz
Cuadrado
Cuíña
Cuíñas
Cuña
Cuñarro
Cundíns
Cuns
Cupeiro
Cuquexo
Curra
Currais
Curreal
Currás
Curros

D

da Cal/Dacal
da Costa/Dacosta
da Cuña/Dacuña
da Fonte/Dafonte
da Granxa/Dagranxa
da Pena/Dapena
da Ponte/Daponte
da Silva/Dasilva

da Torre/Datorre
da Vila/Davila
Dans
Darriba
de Ben/Debén
Delgado
Deus
Devesa
Deza
Díaz
Diego
Diéguez
Dieste
Díez
Diz
do Barro/Dobarro
do Campo/Docampo
do Gando/Dogando
do Mato/Domato
do Pazo/Dopazo
do Pico/Dopico
do Porto/Doporto
do Rego/Dorrego
do Río/Dorrío
do Sil/Dosil
do Val/Doval
do Vao/Dovao
Doce
Doldán

Domínguez

Dono

dos Anxos

dos Santos

Dourado

Duarte

Dubra

Durán

Duro

E

Eanes

Eiras

Eirín

Eirís

Eiriz

Eiroa

Eixo

Enes

Entenza

Ermelo

Ermida

Ermo

Escariz

Escudeiro

Escuredo

Esmorís

Espada

España

Espasandín

Esperante

Esperón

Espiñeira

Espiño

Espiñosa

Esquerdo

Estévez

Estevo

Estrada

Estravís

Estraviz

Expósito

F

Fabeiro

Facal

Fachal

Fáilde

Falcón

Falque

Fandiño

Fanego

Faraldo

Fariña

Fariñas

Faro

Farto

Faxardo

Faxín

Fazáns

Feal

Feixó

Feixoo

Felpeto

Fente

Fernández

Ferradáns

Ferradás

Ferreira

Ferreiro

Ferreiros

Ferreirós

Ferreño

Ferrer

Ferrín

Ferro

Fervenza

Fiaño

Fidalgo

Figueira

Figueiras

Figueiredo

Figueiroa

Filgueira

Filgueiras

Filloi

Firvida

Fiúza

Flores

Folgar

Folgueira

Fondevila

Fondo

Fonseca

Fontaiña

Fontán

Fontao

Fonte

Fontela

Fontenla

Fontes

Formoso

Fornos

Fortes

Forxán

Foxo

Frade

Fraga

Fraguas

Fragueiro

Fraguela

Fraguío

Fraíz

Francisco

Franco

Francos

Os apelidos en galego

Franqueira

Freire

Freiría

Freitas

Freixáns

Freixedo

Freixeiro

Freixo

Freixomil

Fresco

Frieiro

Froxán

Fungueiriño

Fungueiro

Furelos

Fustes

G

Gacio

Gago

Gai

Gaio

Gaioso

Galán

Galdo

Galego

Galiñáns

Gallardo

Galván

Gamallo

Gándara

Gandoi

Gantes

Garabal

Garaboa

García

Garea

Garrido

Garrote

Gasamáns

Gato

Goás

Goberna

Godoi

Goiáns

Goiás

Golán

Golpe

Gómez

Gondar

González

Gotérrez

Graíño

Grandal

Grande

Grandío

Granxa

Graña

Gregores

Gregorio

Grela

Grille

Groba

Grobas

Grueiro

Gude

Guede

Guerra

Guerreiro

Guillán

Guillén

Guillín

Guimarei

Guimeráns

Güimil

Guisande

Guitián

Gulías

Gundín

Guntín

Guzmán

H

Hedreira

Henríquez

Herbogo

Hortas

I

lanes

Igrexa

Igrexas

Infante

Insua

L

Labrador

Lado

Lagares

Lago

Lagoa

Laia

Laíño

Lama

Lamas

Lameiro

Lamela

Lamelas

Lampón

Landeira

Landín

Lapido

Lareo

Lastra

Lata

Lavandeira

Laxe

Leal

Os apelidos en galego

Ledo

Leira

Leiras

Leiro

Leiros

Leis

Lema

Lemos

Lence

Lens

León

Lesta

Lestón

Lima

Limeres

Limia

Liñares

Liñeira

Lis

Lista

Liste

Lixó

Liz

Lobato

Lodeiro

Loira

Lois

Lomba

Lombao

Lombardía

Longueira

López

Lopo

Lores

Loureda

Loureiro

Lourenzo

Lourés

Lourido

Louro

Lousada

Louzán

Louzao

Loxo

Lúa

Luaces

Lueiro

Luís

Lusquiños

Lustres

M

Maceira

Maceiras

Machado

Macía

Macías

Magán

Magariños
Magdalena
Maía
Maián
Maio
Mallo
Mallón
Malvar
Malvido
Mancebo
Maneiro
Manso
Manteiga
Mantiñán
Mañá
Mañán
Maquieira
Marcos
Marcote
Mareque
Marín
Mariñas
Mariño
Maroñas
Maroño
Marqués
Márquez
Marta
Martín

Martíns
Martís
Martiz
Marzoa
Maseda
Maside
Mata
Mateo
Mateos
Mato
Matos
Mazaira
Mazas
Mazás
Medín
Meilán
Meira
Meirás
Meiriño
Meis
Meixide
Meixoeiro
Méixome
Meixón
Meizoso
Mella
Melón
Méndez
Mendoza

Os apelidos en galego

Menduíña

Meniño

Menor

Mera

Mesego

Mesías

Mexuto

Miguel

Miguéns

Miguez

Millán

Millares

Miniño

Miño

Miñóns

Mira

Miragaia

Miramontes

Miranda

Mirás

Miraz

Mirón

Misa

Moar

Moares

Moia

Moláns

Molares

Moldes

Moledo

Mon

Mondelo

Monroi

Montaña

Monteagudo

Monteiro

Montenegro

Montes

Montoia

Montouto

Morado

Morais

Moral

Morán

Morandeira

Morás

Moreda

Moreira

Moreiras

Moreno

Morgade

Moscoso

Mosqueira

Mosteiro

Mougán

Moura

Moure

Mourelle

Mourello
Mourellos
Mourín
Mouriño
Mouriz
Mouro
Mouzo
Muíña
Muíño
Muíños
Munín
Muñiz
Muñoz
Muradas
Muras
Murias
Muruxosa

N

Nabeira
Nabeiras
Nabeiro
Naia
Navarro
Navia
Negreira
Negro
Neira
Neto

Neves
Nimo
Nodar
Nogueira
Nogueiras
Noguerol
Noia
Nores
Novás
Novelle
Novexil
Novo
Nóvoa
Núnez

O

Oanes
Ocampo
Ogando
Oia
Oliveira
Olveira
Omil
Ordóñez
Oreiro
Orosa
Ortega
Ortigueira
Ortiz

Orxais

Orxás

Orxe

Orxeira

Osorio

Oubiña

Ouro

Outeda

Outeiral

Outeiriño

Outeiro

Outes

Outón

Ouxo

Oxea

Ozores

P

Pacheco

Pacín

Pacio

Pacios

Padín

Padrón

Páez

Pais

Paleo

Pallares

Pallas

Palleiro

Palmeiro

Pampillón

Pampín

Pan

Pantín

Parada

Paradela

Paradelo

Parafita

Páramo

Páramos

Parapar

Parceiro

Pardal

Pardavila

Pardiñas

Pardo

Paredes

Parente

Parga

París

Parra

Parrado

Pasantes

Pascual

Pastor

Pastoriza

Patiño

Pato
Paulos
Pavón
Paz
Pazo
Pazó
Pazos
Pedracova
Pedre
Pedreira
Pedrido
Pedrosa
Pedrouso
Pedrouzo
Pego
Peiteado
Peixoto
Peleteiro
Pena
Penabade
Penas
Penedo
Penela
Penelas
Penín
Pensado
Peón
Pequeno
Pereira

Pereiras
Pereiro
Pereiró
Pérez
Permui
Pernas
Pesqueira
Peteiro
Picado
Picallo
Pichel
Pico
Picón
Picos
Pillado
Pin
Piña
Piñeiro
Pino
Piño
Piñón
Pinto
Pintor
Pintos
Pita
Poceiro
Pol
Pombo
Ponce

Ponte

Pontes

Porta

Portas

Portavales

Porteiro

Portela

Porto

Portos

Pose

Pousa

Pousada

Pouso

Poza

Pozo

Pracer

Prada

Prado

Prados

Pratas

Praza

Prego

Presa

Presas

Presedo

Preto

Priegue

Prol

Puga

Puíme

Pulleiro

Pumar

Pumares

Puñal

Purriños

Q

Queiro

Queiruga

Queixa

Queixas

Queixo

Quelle

Quintá

Quintairos

Quintán

Quintáns

Quintas

Quintás

Quinteiro

Quintela

Quintián

Quiñoi

Quiñóns

Quiroga

R

Rábade

Rabuñal

Rama

Ramallo

Ramil

Ramilo

Ramírez

Ramos

Ramudo

Raña

Rancaño

Raposo

Raxó

Real

Reboiras

Rebolo

Reboreda

Reboredo

Recarei

Recouso

Redondo

Refoxos

Rega

Regal

Rego

Regos

Regueira

Regueiro

Reguengo

Rei

Reigosa

Reimóndez

Reimúndez

Reino

Reinoso

Reiriz

Reis

Reixa

Remuiñán

Rendo

Represas

Requeixo

Resúa

Rial

Ribadulla

Ribas

Ribeira

Ribeiro

Rico

Ricoi

Ricón

Rielo

Rilo

Río

Riobó

Rioboo

Ríos

Os apelidos en galego

Roca
Rocha
Rodal
Rodas
Rodeiro
Rodicio
Rodil
Rodiño
Rodríguez
Roel
Roibás
Rois
Rolán
Romai
Román
Romar
Romeu
Ron
Roo
Rosa
Rosende
Rosendo
Rouco
Roxas
Roxo
Rozados
Rozas
Rúa
Rubal

Rubiáns
Rubiás
Rubido
Rubiños
Rubio
Ruibal
Ruíz
Rumbo
Ruzo

S

Sa
Saa
Saavedra
Sabaús
Sabín
Saborido
Saco
Sáez
Saia
Saiáns
Salazar
Salgado
Salgueiro
Salvado
Salvador
Sambade
Sampaio
Sampedro

San Martín/
Sanmartín
San Martiño/
Sanmartiño
San Miguel/
Sanmiguel
San Paio
San Pedro
San Román/
Sanromán
San Tomé/Santomé
San Xiao/Sanxiao
San Xoán/Sanxoán
San Xurxo/
Sanxurxo
Sánchez
Sandá
Sande
Sanlés
Santa María/
Santamaría
Santa Mariña/
Santamariña
Santalla
Santana
Santás
Santiago
Santín
Santiso

Santoro
Santos
Sanxuás
Sar
Sarmiento
Sas
Seara
Seco
Sedes
Segade
Seguín
Seixas
Seixido
Seixo
Senande
Sendín
Sendón
Senín
Senra
Señarís
Señoráns
Seoane
Sequeiros
Serantes
Serén
Serra
Serrano
Sesar
Sestaio

Sesto

Sieira

Sieiro

Silva

Silveira

Silvosa

Simón

Sineiro

Sío

Siso

Sisto

Soaxe

Sobrado

Sobral

Sobrido

Sobriño

Soengas

Soliño

Solla

Solleiro

Somoza

Soneira

Sóñora

Sousa

Souteliño

Soutelo

Souto

Soutomaior

Soutullo

Suárez

Sueiras

Sueiro

T

Taboada

Táboas

Taibo

Tallón

Tarrío

Tasende

Tato

Taxes

Teira

Teixeira

Teixeiro

Teixido

Teixo

Tellada

Tellado

Temperán

Tenreiro

Tesouro

Tilve

Tizón

Toba

Tobío

Toimil

Tomé

Torrado
Torre
Torreira
Torreiro
Torrente
Torres
Torrón
Touceda
Toucedo
Touriñán
Touriño
Tourís
Tourón
Touza
Toxa
Toxeiro
Toxo
Traba
Trasancos
Trigo
Trillo
Triñáns
Troitiño
Troncoso
Tubío
Tuñas
Turnes

U

Ucha
Ulloa
Ures
Uveira
Uzal

V

Val
Valadares
Valado
Valboa
Valcarce
Valdés
Vale
Valeiras
Valencia
Vales
Valín
Valiña
Valiñas
Valiño
Valverde
Vao
Vaqueiro
Vara
Varela
Vasalo
Vasco

Os apelidos en galego

Vásquez

Vaz

Vázquez

Veá

Veceiro

Veciño

Veiga

Vellas

Vello

Velo

Veloso

Vence

Ventín

Ventoso

Ventura

Verde

Verdes

Vermello

Vesada

Viana

Viaño

Vicente

Vidal

Vieira

Vieiro

Vigo

Vila

Vilaboa

Vilaboi

Vilacova

Viladóniga

Vilalba

Vilamaior

Vilamarín

Vilamel

Vilamide

Vilamor

Vilán

Vilanova

Vilanustre

Vilapol

Vilapún

Vilar

Vilaravide

Vilares

Vilariño

Vilarnovo

Vilarquide

Vilas

Vilasante

Vilasenín

Vilasol

Vilasuso

Vilaverde

Vilela

Villamil

Viña

Viñas

Viso
Viturro
Viveiro
Vivián
Vixande
Vizoso

X

Xácome
Xallas
Xamardo
Xaneiro
Xardón
Xato
Xeada
Xegunde
Xeixo
Xen
Xende
Xermade
Xermiñas
Xerpe
Xestal
Xesteira
Xestido
Xesto
Xestoso
Xesús
Xiance

Xil
Ximénez
Xiráldez
Xixirei
Xoán
Xoubanova
Xove
Xuíz
Xul
Xuncal
Xunqueira
Xurxo
Xusto

Z

Zapata
Zas

III.

**Correspondencia
das variantes
non estándar /
formas recomendadas**

Como consecuencia do proceso sociolingüístico que padeceu a lingua galega a partir do século XVI, hai un conxunto de formas que sufriu diferentes procesos de castelanización (fonética ou morfolóxica). Por outra banda, como ocorre noutras linguas, tamén hai apelidos que experimentaron alteracións ortográficas debido ás peculiaridades da fixación do corpus antroponímico ao longo da historia, e polo tanto hoxe presentan unha grafía que non se corresponde coa actual da lingua galega (fixada nas *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*, RAG-ILG); este tipo de anomalías corresponde basicamente á presenza ou ausencia de *h*, ao uso de *b/v* e á existencia de *y*.

Na listaxe que se ofrece a seguir, preséntase a forma ou grafía anómala coa correspondencia estándar en galego. Os apelidos que non figuren nela deberán ser obxecto dun informe específico por parte da Real Academia Galega. A forma que aparece en primeiro lugar transcríbese tal e como aparece no censo de poboación do INE da que parte a listaxe, isto é, en maiúsculas e sen acentos. Téñase en conta:

- En letra grosa indícanse as formas que sufriron algún tipo de castelanización, ben fonética ou ben morfolóxica.
- Van subliñadas as formas que presentan algunha alteración gráfica que non se axusta ás normas modernas (coma a presenza do grafema <y> ou o uso non etimolóxico de <h>, ou <v>).
- Entre parénteses figuran variantes minoritarias que coinciden coa forma castelanizada. Por exemplo, *San Martín* dáse como equivalencia entre parénteses do máis común *San Martiño*, pois *Martiño* ten *Martín* na área oriental como variante patrimonial (conforme a *camín*); pero en certo grao tamén pode ser castelanización da maioritaria *Martiño*. En caso de dúbidas, a RAG poderá ofrecer o seu ditame.

Os apelidos en galego

- En ocasións, como forma galega figuran máis dunha posibilidade, separadas cunha barra (/). Neses casos poderase optar entre dúas formas gráficas (é o caso dos apelidos que presentan nexo preposicional ou o adxectivo *san*, que se poden grafar xunto ou separado) ou entre formas dialectais xa existentes no noso corpus toponímico ou antroponímico (*Goiáns/Goiás* ou *Eanes / lanes / Oanes / Anes / Enes*, por exemplo).

**FORMA OU GRAFÍA
NON ESTÁNDAR**

FORMA
RECOMENDADA

A

ABAD

Abade

ABEIGÓN

Abeixón

ABEIJÓN

Abeixón

ABOY

Aboi

ACCION

Ación

AGEITOS

Axeitos

AGRAFOJO

Agrafoxo

AGUILAR

Aguiar

ALDREY

Aldrei

ALEJANDRE

Alexandre

ALEJANDRO

Alexandre

ALEJO

Aleixo

ALFAYA

Alfaia

ALFONSO

Afonso

ALONSO

Afonso

AMBOAGE

Amboaxe

AMBOAJE

Amboaxe

AMEIJEIRA

Ameixeira

AMEIJEIRAS

Ameixeiras

AMEIJIDE

Ameixide

ARAUJO

Araúxo

ARCAI

Arcai

ARGIBAY

Arxibai

ARIJÓN

Arixón

ARINES

Aríns

ARJONES	Arxóns
ARNOYA	Arnoia
AROSA	Arousa
ARROJO	Arroxo
<u>ASOREY</u>	Asorei
<u>ASTRAY</u>	Astrai
ATANES	Atáns
AYASO	Aiaso
AYO	Aio
AYUDE	Aiude
B	
<u>BAHAMONDE</u>	Baamonde
<u>BALADO</u>	Valado
<u>BALBOA</u>	Valboa
BALLESTEROS	Besteiros
BALUJA	Baluga
<u>BAO</u>	Vao
<u>BAQUEIRO</u>	Vaqueiro
BARGIELA	Barxiela
BARJA	Barxa
BARRERA	Barreira
BARRIENTOS	Barrentos
BASALLO	Vasalo
<u>BASALO</u>	Vasalo
<u>BASCOY</u>	Bascoi
<u>BAZQUEZ</u>	Vázquez
<u>BECEIRO</u>	Veceiro
<u>BELLAS</u>	Vellas

<u>BELLO</u>	Vello
<u>BELOSO</u>	Veloso
BENÍTEZ	Biéitez
BENITO	Bieito
BERBETOROS	Berbetouros
BEREIJO	Bereixo
BERMEJO	Vermello
<u>BESADA</u>	Vesada
<u>BIBIAN</u>	Vivián
BLANCO	Branco
BLAS	Brais/Bras
BOCIJA	Bocixa
BORJA	Borxa
BORRAGEIROS	Borraxeiros
BORRAGEROS	Borraxeiros
BORRAGUEIROS	Borraxeiros
BORRAGUEROS	Borraxeiros
BORRAJEIROS	Borraxeiros
BORRAJEROS	Borraxeiros
BORRAJO	Borraxo
BRAGE	Braxe
BREIJO	Breixo
<u>BREY</u>	Brei
BRIONES	Brións
BUENO	Bo
BUJÁN	Buxán
BUSTABAD	Bustabade
BUYO	Buio

C

CABADO

Cavado

CABALLERO

Cabaleiro

CABRERA

Cabreira

CADAVID

Cadavide

CAGIAO

Caxiao

CAJADE

Caxade

CAJARAVILLE

Caxaraville

CAJIAO

Caxiao

CAJIDE

Caxide

CALDERON

Caldeirón

CAMINO

Camiño

CANABAL

Canaval

CAÑAS

Canas

CARID

Caride

CARIDAD

Caridade

CARMOEJA

Carmoega

CARMUEJA

Carmoega

CARNERO

Carneiro

CARPINTERO

Carpinteiro

CARRERA

Carreira

CASABELLA

Casavella

CASALDERREY

Casalderrei

CASTILLO

Castelo

CEREIJO

Cereixo

CID

Cide

COBAS

Covas

COBELO

Covelo

COLLAZO

Colazo

COLMENERO

Colmeiro

COMOJO

Comoxo

CORBACHO

Corvacho

CORBAL

Corval

CORDERO

Cordeiro

CORRALES

Currais/Currás

CORUJO

Coruxo

COSTOYA

Costoia

COUGIL

Couxil

COYA

Coia

CRISTOBAL

Cristovo

CRISTOBO

Cristovo

CRUJEIRAS

Cruxeiras

CUNDINES

Cundíns

CUESTA

Costa

CUEVAS

Covas

CUQUEJO

Cuquexo

D

DE LA FUENTE

da Fonte/Dafonte

DE LA IGLESIA

da Igrexa

DE LOS ANGELES

dos Anxos

DEL RIO

do Río/Dorrío

DE LA GRANJA

da Granxa/Dagranxa

DE LA TORRE

da Torre/Datorre

DIOS

Deus

DOBAO

do Vao/Dovao

DORADO

Dourado

DOS ANJOS

dos Anxos

E

EDREIRA

Hedreira

EIJO

Eixo

ENNES

Enes

ENRÍQUEZ

Henríquez

ESCUDERO

Escudeiro

ESPINOSA

Espiñosa

ESTEBAN

Estevo

F

FAJARDO

Faxardo

FAJIN

Faxín

FAZANES

Fazáns

FEIJOO

Feixó/Feixoo

FERRADANES

Ferradás/Ferradáns

FERRERO

Ferreiro

FIGUEROA

Figueiroa

FILLOY

Filloi

FOJO

Foxo

FORJAN

Forxán

FRAGIO

Fraguío

FREIJANES

Freixáns

FREIJEDO

Freixedo

FREIJEIRO

Freixeiro

FREIJO

Freixo

FREIJOMIL

Freixomil

FROJAN

Froxán

FUENTE

Fonte

FUENTES

Fontes

G

GALBÁN

Galván

GALIÑANES

Galiñáns

GALLAS

Xallas

GALLEGO

Galego

GANDOY

Gandoi

GASAMANES

Gasamáns

GAY

Gai

GAYO

Gaio

GAYOSO

Gaiosó

GEADA

Xeada

GENDE

Xende

GEGUNDE

Xegunde

GEIJO

Xeixo

GEN

Xen

GERMADE

Xermade

GERMIÑAS

Xermiñas

GERPE

Xerpe

GESTAL

Xestal

GESTEIRA

Xesteira

GESTIDO

Xestido

GESTO

Xesto

GESTOSO

Xestoso

GIANCE

Xiance

GIGIREY

Xixirei

GIL

Xil

GIMENEZ

Ximénez

GINARTE

Guinarte

GIRÁLDEZ

Xiráldez

GODOY

Godoi

GOYANES

Goiáns/Goiás

GRANJA

Granxa

GUERRERO

Guerreiro

GUIMAREY

Guimarei

GUTIERREZ

Gotérrez

H

HERBOJO

Herbogo

HERMELO

Ermelo

HERMIDA

Ermida

HERMO

Ermo

HERNÁNDEZ

Fernández

HERRERA

Ferreira

HERRERO

Ferreiro

HIDALGO

Fidalgo

I

IGLESIA

Igrexa

IGLESIAS

Igrexas

IZQUIERDO

Esquerdo

J

JACOME

Xácome

JALLAS

Xallas

JAMARDO

Xamardo

JANEIRO

Xaneiro

JARDÓN

Xardón

JARES

Xares

JATO	Xato
JESUS	Xesús
JIMENEZ	Ximénez
JORGE	Xurxo (Xorxe)
JOVE	Xove
JUAN	Xoán
JUIZ	Xuíz
JUL	Xul
JUNCAL	Xuncal
JUNQUERA	Xunqueira
JURJO	Xurxo
JUSTO	Xusto
L	
<u>LABANDEIRA</u>	Lavandeira
LAFUENTE	da Fonte/Dafonte
LAGE	Laxe
LAYA	Laia
LIJO	Lixó
LINARES	Liñares
LOJO	Loxo
LORENZO	Lourenzo
LOSADA	Lousada
LOZANO	Louzán/Louzao
LUNA	Lúa

M

MAHÍA

Maía

MAÑANA

Mañá/Mañán

MARTÍNEZ

Martís/Martiz/

Martíns

MASID

Maside

MAYÁN

Maián

MAYO

Maio

MEIJIDE

Meixide

MEIJOEIRO

Meixoeiro

MEIJOME

Méixome

MEIJON

Meixón

MEIJUEIRO

Meixoeiro

MEJUTO

Mexuto

MENÉNDEZ

Méndez

MERINO

Meiriño

MESEJO

Mesego

MIGUELEZ

Miguez/Miguéns

MIGUEZ

Miguez

MIÑONES

Miñóns

MIRAGAYA

Miragaia

MOLANES

Moláns

MOLEJÓN

Molexón

MOLINA

Muíña

MOLINOS

Muíños

MONROY

Monroi

MONTERO

Monteiro

MONTOTO

Montouto

MONTOYA

Montoia

MORA	Moura
MORALES	Morais/Morás
MORELOS	Mourelos
MOSQUERA	Mosqueira
MOYA	Moia
MURUJOSA	Muruxosa

N

<u>NAVEIRA</u>	Nabeira
<u>NAVEIRAS</u>	Nabeiras
<u>NAVEIRO</u>	Nabeiro
NAYA	Naia
NIETO	Neto
NIEVES	Neves
NOVEGIL	Novexil
NOVOA	Nóvoa
NOYA	Noia
NUÑEZ	Núñez

O

OGEA	Oxea
OJEA	Oxea
ORGE	Orxe
ORGEIRA	Orxeira
ORJALES	Orxás/Orxais
OTERO	Outeiro
OUJO	Ouxo
<u>OUVIÑA</u>	Oubiña
OYA	Oia

P

PAJARO	Paxaro
PALACIOS	Pacios/Pazos
PARCERO	Parceiro
PELÁEZ	Páez/Pais/Paz
PEÑA	Pena
PENABAD	Penabade
PEQUEÑO	Pequeno
<u>PERMUY</u>	Permui
PIEDRACOBA	Pedracova
PLATAS	Pratas
PLACER	Pracer
PLAZA	Praza
<u>PORTABALES</u>	Portavales
POSADA	Pousada
<u>POSSE</u>	Pose
PRIETO	Preto
PUENTE	Ponte
PUNTES	Pontes

Q

QUEIJA	Queixa
QUEIJAS	Queixas
QUEIJO	Queixo
QUIÑONES	Quiñóns
<u>QUIÑOY</u>	Quiñoi
QUINTANA	Quintán/Quintá
QUINTERO	Quinteiro

R

RAJO

Raxó

RAJOY

Raxoi

RE CAREY

Recarei

REFOJOS

Refoxos

REGENJO

Reguengo

REGUERA

Regueira

REIJA

Reixa

REJENJO

Reguengo

REQUEIJO

Requeixo

REQUEJO

Requeixo

REY

Rei

REYES

Reis

REYMONDEZ

Reimóndez

RICOY

Ricoi

RIVADULLA

Rivadulla

RIVAS

Ribas

RIVEIRA

Ribeira

RIVEIRO

Ribeiro

RIVERA

Ribeira

RIVERO

Ribeiro

ROJAS

Roxas

ROJO

Roxo

ROMAY

Romai

ROMERO

Romeu

RUBIANES

Rubiáns/Rubiás

S

SAMBAD	Sambade
SAMPAYO	San Paio/Sampaio
SAN MARTÍN	San Martiño (San Martín)
SANGIAO	San Xiao/Sanxiao
SANGUIAO	San Xiao/Sanxiao
SANJIAO	San Xiao/Sanxiao
SANJUAN	San Xoán/Sanxoán
SANJUAS	Sanxuás
SANJURJO	San Xurxo/Sanxurxo
SANMARTIN	Sanmartiño (Sanmartín)
SANTAMARINA	Santa Mariña/ Santamariña
SARMIENTO	Sarmento
SAYA	Saia
SAYANES	Saiáns
SAYANS	Saiáns
SEIJAS	Seixas
SEIJIDO	Seixido
SEIJO	Seixo
SESTAYO	Sestaio
<u>SEXTO</u>	Sesto
SIERRA	Serra
<u>SIXTO</u>	Sisto
SOAGE	Soaxe
SOBRINO	Sobriño
SOTELINO	Souteliño

SOTELO	Soutelo
SOTO	Souto
SOTOMAYOR	Soutomaior

T

TAJES	Taxes
TEIJEIRA	Teixeira
TEIJEIRO	Teixeiro
TEIJIDO	Teixido
TEIJO	Teixo
TEJADA	Tellada
TEMPRANO	Temperán
TOJA	Toxa
TOJEIRO	Toxeiro
TOJO	Toxo
TRIÑANES	Triñáns

U

<u>UBEIRA</u>	Uveira
---------------	--------

V

VAAMONDE	Baamonde
VAHAMONDE	Baamonde
VALLADARES	Valadares
VALLE	Val/Vale
<u>VALUGO</u>	Balugo
VALUJA	Baluga
VAQUERO	Vaqueiro
VASALLO	Vasalo

VECINO	Veciño
VEGA	Veiga
<u>VEIRA</u>	Beira
<u>VEIRAS</u>	Beiras
VELASCO	Vasco
VELAZQUEZ	Vázquez
<u>VIEITES</u>	Bieites
<u>VIEITEZ</u>	Biéitez
<u>VIEITO</u>	Bieito
VIJANDE	Vixande
<u>VILABOY</u>	Vilaboi
<u>VILACOBA</u>	Vilacova
VILLA	Vila
VILLADONIGA	Viladóniga
VILLALBA	Vilalba
VILLAMARIN	Vilamarín
VILLAMAYOR	Vilamaior
VILLAMEL	Vilamel
VILLAMIDE	Vilamide
VILLAMOR	Vilamor
VILLANUEVA	Vilanova
VILLANUSTRE	Vilanustre
VILLAPOL	Vilapol
VILLAPUN	Vilapún
VILLAR	Vilar
VILLARAVID	Vilaravide
VILLARES	Vilares
VILLARINO	Vilariño
VILLARIÑO	Vilariño

VILLARNOVO

Vilarnovo

VILLARQUIDE

Vilarquide

VILLASANTE

Vilasante

VILLASENIN

Vilaseñín

VILLASOL

Vilasol

VILLASUSO

Vilasuso

VILLAVERDE

Vilaverde

VIQUEIRA

Biqueira

VISPO

Bispo

VIVERO

Viveiro

VIZCAINO

Biscaíño

Y

YAÑEZ

Eanes/lanes/
Oanes/Anes/
Enes

Temos nas nosas mans *Os apelidos en galego (Orientacións para a súa normalización)*, opúsculo que recolle mil cincocentos apelidos da nosa tradición, escolleitos, maioritariamente, cun criterio de frecuencia. Este Dicionario de apelidos resolve, practicamente, as dúbidas todas que suscita, entre nós, este capítulo da Onomástica galega. Chegouse a estas conclusións despois de non pouco esforzo filolóxico. A presente achega é unha das tarefas do Seminario de Onomástica da Real Academia Galega, seminario no que un equipo dirixido pola profesora Ana Isabel Boullón Agrelo, académica correspondente da nosa institución, elaborou o presente traballo.

